

16 Xaneiro

Programa integral de formación en apicultura

O **mércores 16 de xaneiro** iniciase o módulo 2 do PIFA (Programa Integral de Formación en Apicultura): Invernada e mantemento do colmeiar. Trataranse cuestións relativas á alimentación, as ceras, a sanidade e a defensa do colmeiar. A partir de marzo as actividades de formación serán tanto na aula – laboratorio como no apiario.

Dada a estrutura modular do Programa, a inscrición está aberta antes do inicio do módulo respectivo. Para máis información (981 733 051)

16 Xaneiro

Curso de reprodución bovina

Coa colaboración dos servizos veterinarios da Cooperativa Xallas e ganderías da comarca realizaremos un curso de reprodución e acoplamentos durante os días **16 e 17 de xaneiro**. Trataranse temas como a inseminación artificial e a mellora xenética.

É unha actividade dirixida aos alumnos de 1 CFGM de Produción Agropecuaria e hai algunhas prazas dispoñibles para profesionais.

28 Xaneiro

Estratexias de comercialización de produtos agroalimentarios

Coa colaboración da Fundación Juana de Vega, do **luns 28 ao mércores 30 de xaneiro** desenvolverase o curso “Estratexias de comercialización de produtos agroalimentarios”, dirixido a emprendedores, produtores e transformadores agroalimentarios interesados en definir unha estratexia de comercialización, coñecer novas ferramentas do marketing online e as novas tendencias de deseño das presentacións dos produtos.

O **luns e o martes** (horario de 9,00 a 14,00 h) as sesións de formación serán na sede da Fundación (San Pedro de Nos – Oleiros) e o **mércores** será en Fonteboa. Participan alumnos de CFGS de GASA e hai algunhas prazas dispoñibles para profesionais.

2 Febreiro

Programa de coaching para pais con fillos adolescentes

Durante os meses de **febreiro e marzo** está previsto o programa de “Coaching para pais con fillos adolescentes” impartido por expertos de IFFD España (International Federation for Family Development), Serán 4 sesións de dúas horas (16-18h) sobre os temas seguintes:

- Sábado 2 de febreiro – A sexualidade adolescente: Eferescencia e autodominio
- Sábado 16 de febreiro - Matrimonio, seguir amándose
- Sábado 2 de marzo - A movida adolescente: Diversión ,Ocio e saídas
- Sábado 16 de marzo - Descubrimento dos valores adolescentes: coñecemento e aceptación

Ten un custe de 50€ por matrimonio.

14 Febreiro

Xornadas de fruticultura 2019

Previstas para os días **14, 15 e 16 de febreiro**. O xoves e o venres, pola mañá haberá formación teórica sobre cuestións relacionadas coa produción de frutais (poda, enxertos, etc..) e aproveitamentos forestais. Pola tarde, actividade prácticas. A mañá do sábado 16 estará dedicada á prácticas de poda de froiteiras.

Para os días 8 e 9 de febreiro está programado un obradoiro de prácticas de poda en Quintá de Cancelada (Becerreá) en colaboración coa Asociación Castaño y Nogal (aprender a podar e coñecer as actividades de dinamización rural que impulsa esta Asociación)

18 Febreiro

Curso de elaboración de lácteos

Co obxectivo de valorizar o leite, do **18 ao 22 de febreiro**, desenvolverase un curso de “Iniciación á Elaboración de Queixos” no que os participantes coñecerán os procesos de elaboración das distintas variedades de queixos galegos e analizarán iniciativas de transformación do leite. O curso vai dirixido ao alumnado de CFGS de GASA e hai algunhas prazas dispoñibles para profesionais.

A inscrición, na que se inclúe aloxamento e manutención, ten un custe de 250 € (socios da Asociación EFA Fonteboa 200 €).

26 Febreiro

ERASMUS +

As mobilidades de Erasmus + neste curso están concentradas nos meses de marzo e abril e organizadas do seguinte modo:

- Do **26 de febreiro o 28 de abril**: Alumnos de CFGS de GASA en Irlanda.
- Do **22 de abril o 10 de maio**: Alumnos de CFGM Produción Agropecuaria na rexión de Bourgogne (Francia)

Por outra banda, durante os meses de abril, maio e xuño recibiranse en Fonteboa 6 grupos de alumnos de diferentes centros MFR de Francia (Bretaña, Normandía, Borgoña e Occitania) que realizarán períodos de formación en explotacións agropecuarias de zona e de inmersión lingüística e cultural.